

6 *Article*

# A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo

Lorena Domínguez Mallo<sup>1</sup>  
Universidade de Santiago de Compostela

<sup>1</sup>  
Este artigo é parte do labor investigador que a autora realiza na Área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do marco do proxecto de Formación de Profesorado Universitario (FPU) do Ministerio de Ciencia e Innovación español.

This article is divided into two main parts: on the one hand, we will analyse the functions, as well as the public uses of Galician literary history. On the other, this study will explore the possibility that literary history can function as social history during periods of political repression. This last part of the study will focus on the analysis of several Galician literary histories published during Franco's dictatorship (1939-1975). The main aim of this article will be to show the variety of functions which specific social discourses, and in particular literary history, can assume in relation to the context in which they are produced and become operative.

## *Keywords*

Literary history  
Functions of literary history  
Censorship  
Franco's dictatorship  
Resistance  
Reception

## *Palabras clave*

Historia literaria  
Funcións da historia literaria  
Censura  
Franquismo  
Resistencia  
Recepción

## *Abstract*

## *Resumo*

Este artigo consta de dúas partes fundamentais: unha primeira na que nos preguntamos polas funcións (e usos públicos ou implementación desas funcións) atribuídas á historia literaria, e outra na que a partir dunha serie

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Acheга ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

de cuestións concretas profundamos na posibilidade de que en épocas de represión política a historia literaria cumpra as funcións da historia social. Esta parte final da análise levarémola a cabo a partir dun corpus de historias da literatura galega publicadas durante a ditadura franquista (1939-1975). O sentido dun estudo desta índole é o de evidenciar a pluralidade de valores que determinados discursos sociais, neste caso o histórico-literario, poden asumir en función do contexto no que se producen e operan.

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

2

Non queremos dicir con isto que cumpra defender un espazo para a historia literaria nos planos de estudo. Quedan completamente fóra do noso estudo as valoracións persoais ao respecto das políticas educativas. Tan só anotamos o sorprendente conformismo social co desprazamento escolar dunha disciplina con ampla tradición, desprazamento que trata de ser contrarrestado timidamente por posicionamentos febles que, para manter un reduto literario no ensino obrigatorio, buscan xustificalo con funcionalidades heterónomas socialmente aceptables, isto é, fundamentalmente, o ensino de linguas e a transmisión de contidos transversais.



## 1. Funcións e usos públicos da historia literaria. Preguntas para a reflexión.

A historia literaria é unha disciplina en crise, cando menos desde os anos setenta do pasado século. A sucesión de reformulacións do seu obxecto de estudo, das súas técnicas de análise e das plataformas promotoras deste tipo de investigación, non parece con todo ir acompañada dunha reflexión equiparable en termos da súa funcionalidade social. Postos a investigar o que se leva escrito sobre esa funcionalidade, descubrimos que é unha cuestión que se toca apenas complementariamente, ou ben de xeito subliminal, á reflexión sobre o obxecto ou o método de traballo. Talvez os eixos que leven xerado máis debate de xeito recente sexan o obxecto de estudo da historia literaria (Casas 2006), a tensión entre veracidade e ficcionalidade no discurso historiográfico literario (White 2003) ou a metodoloxía aplicable na análise (Abuín e Tarrío 2004). A función da historia literaria non é obxecto de estudo monográfico en ningún caso, aínda cando o obxecto teña implicacións funcionais e o método trate de responder aos problemas derivados do propio obxecto. Só adquire unha predominancia clara no tamén recente debate sobre se as literaturas de nacións sen estado deben manter a creación dun discurso histórico-literario nacional ou se deben variar a óptica aínda cando o proceso de autodeterminación nacional non se viu culminado (debate do que nos faremos eco máis abaixo con referencia a Curthoys 2003 e Hooper 2006). De momento, o que ten que quedar claro é que se pretendemos achegarnos á historia da disciplina, e cando menos queremos analizar o seu funcionamento nun período histórico concreto (no noso caso, durante a ditadura franquista española), debemos comezar por ese tipo de cuestións. Nesa liña era na que Hayden White postulaba que se debía traballar cando afirmaba: 'Cuando se trata de escribir la historia de cierta disciplina académica, o incluso de una ciencia, se debe estar preparado para hacer preguntas acerca de ésta, preguntas que no se plantean en la práctica de la misma' (White 2003: 108).

Por outra banda, e referíndonos non xa á disciplina histórico literaria senón ao seu obxecto, afirmacións como a que segue de Raquel Bello deixan claro que a literatura tampouco é xa, nin moito menos, algo central na definición das comunidades e sociedades presentes: 'Mas o que é visto desta perspectiva como umha dificuldade, é, do noso ponto de vista, a oportunidade de reciclar as aptidons e habilidades da Filología em conhecimentos úteis e até basilares para umha sociedade que já nom procura a sua explicação na literatura' (Bello Vázquez 2008: 266).

O certo é que, esporadicamente, reaparece na sociedade o debate sobre os usos públicos da historia. Lembramos, particularmente, as xornadas *Usos públicos de la historia*, que se celebraron na Universidade de Zaragoza entre o 19 e o 21 de setembro de 2002, onde se expuxeron traballos tan ilustrativos para os nosos intereses como o de Correa López (2002), ao que nos referiremos máis adiante. No contexto galego, o libro de José Carlos Bermejo (2007), *¿Para que serve a historia de Galicia?*, tamén analiza cuestións basilares na construción dos relatos nacionais do tipo que sexan, pero nomeadamente do histórico. Non obstante, este debate social e estes cuestionamentos non son 'tan habituais' no referido á historia literaria. Parece que se tratase dun discurso fosilizado nos planos de estudo que ninguén se interesa por defender,<sup>2</sup> mesmo cando cada vez ten un espazo

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achea ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

3

Francisco Fernández del Riego, por exemplo, explicitaba esta aspiración ao final da segunda edición da súa *Historia da literatura galega*: 'Acaríñase a esperanza de que o galego entre na escola' (Fernández del Riego 1971: 293).

menor e máis subalterno na programación escolar. Nas universidades, os espazos disciplinares funcionan doutro xeito e a historia da literatura mantén o seu papel, xustificable sempre pola especialización deste tipo de estudos. Non obstante, o verdadeiro lugar da reproducibilidade e da permeabilidade sociais é o ensino obrigatorio, co cal talvez sexa máis que necesario reflexionar sobre os usos públicos da historia literaria. Este exercicio parécenos necesario tanto con carácter de autoanálise retrospectiva como de valoración da situación presente. O feito de que un espazo disciplinar cunha serie de funcións sociais (pois estas existen sempre, sexan ou non evidentes ou explícitas), se vexa desprazado da centralidade do sistema, e a súa eventual substitución por outras disciplinas nos planos de estudo, evidencia un cambio no funcionamento ou nos intereses desas sociedades.

Para verificar o desprazamento sinalado, abonda con contrastar a grande valoración que tivo no seu momento a implantación da lingua e literatura galegas como materias no ensino, pois víase como un logro das nacionalidades que foran reprimidas polo estado centralista español, cos preceptos da nova lexislación académica ao respecto. Así, o DOG do venres 13 de xullo de 2007, que establece o currículo das materias da Educación Secundaria Obrigatoria, comeza o epígrafe dedicado á 'Lingua galega e literatura' coas seguintes palabras: 'A área de lingua galega e literatura ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado' (DOG nº 136, 13 de xullo de 2007). E coa fin de alicerzar aínda máis este punto, continúa máis adiante aclarando a finalidade primordial da existencia dun bloque de literatura (entre os cinco bloques de contidos que constitúen a materia):

Tamén o estudo da literatura pode e debe ser abordado desde diferentes perspectivas. En concreto, debe contribuír á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecelle modelos de lingua apropiados e creativos en que prima a dimensión estética, pero tamén se erixe como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada. A literatura tamén contribúe a mellorar o gusto pola lectura, a mellorar a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumnado. (DOG nº 136, 13 de xullo de 2007).

Como se pode ver, a nova lexislación carga a importancia das materias de lingua no enfoque comunicativo e a literatura é un mero instrumento para a capacitación comunicativa do alumnado. As alusións ao 'enriquecemento persoal' e á 'cultura diferenciada' revélanse simples engadidos sen maior plasmación práctica unha vez que, como dicimos, a literatura só é un bloque entre os cinco que constitúen a materia e o cometido da súa presenza aí está moi marcado. A literatura galega como materia independente non existe xa na secundaria obrigatoria e tampouco na postobrigatoria (como existía hai uns anos no antigo Bacharelato Unificado Polivalente), a non ser como materia optativa que pode non impartirse por falta de alumnado. Polo tanto, a lexislación dos últimos vinte anos pasou de recoller a literatura como parte consubstancial ás reivindicacións históricas nacionais<sup>3</sup> a convertela nun instrumento ou material de traballo para o enfoque lingüístico comunicativo.

Por outra banda, a historia da literatura por antonomasia, tal como aqueles que a cursamos en Galicia nos últimos vinte anos a coñecemos na nosa formación educativa, é a historia da literatura nacional. Nesta orde

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

4

Referímonos a todos os discursos sociais que se artellan sobre a base do concepto de 'nacións sen estado'. O feito de que as nacións que viron culminado o seu proceso de emancipación e referendadas as súas aspiracións políticas transcendan categorías como a propia de 'nación' pode implicar (ou non) que esas mesmas categorías necesiten ser superadas nos contextos nos que tal proceso non chegou ao seu termo. A pregunta queda no aire unha vez que non é este o lugar nin o momento de ensaiar unha resposta.

de cousas, cobra particular importancia a afirmación de Helena Miguélez Carballeira de que o concepto de sistema literario en tanto que ferramenta descritiva adquire unha deriva prescritiva no contexto galego relacionada coa converxencia entre a academia literaria e a política cultural programática (Miguélez-Carballeira 2009: 275). E ligado a este feito, cómpre reparar tamén en que os intentos por transcender os enfoques nacionais da historia literaria baten sempre coa mesma cuestión. Falar de enfoques trans-, inter-, proto-, supra-, infra-, multi- nacionais implica necesariamente, como sinala Udo Schöning (2006: 306), un concepto do *nacional*. O que se pretende subliñar con isto é que as inercias históricas e aqueles preceptos longo tempo sostidos na vida comunitaria dunha sociedade acaban tendo efectos e consecuencias tempo despois de que se amosen ou pretendan ser amosados como conceptos inoperativos.<sup>4</sup> E a iso habería que engadir a pregunta sobre qué pasa coas sociedades nas que un proceso histórico coma o da emancipación nacional non se viu culminado, se nesas sociedades determinados conceptos e xeitos de funcionamento social poden ser igualmente descartados ao ritmo do que acontece noutros países ou se poden e deben seguir o seu propio ritmo histórico, no caso de que iso fose efectivamente posible. Non obstante, non é este o lugar de afondar nesta cuestión, que soborda amplamente os propósitos e posibilidades deste artigo, e que xa ten sido tratado amplamente na crítica literaria en xeral (Curthoys 2003) e nos estudos galegos en particular (Hooper 2006). Por último, e centrándonos novamente no aspecto literario que nos ocupa, tendo en conta que o concepto de nación implicou sempre a literatura como parte integrante dela, atopámonos con que a perda de centralidade deste concepto fai perigar así mesmo o papel primordial outorgado nun pasado á literatura e á historia da literatura na sociedade galega. Probablemente o proceso que estamos a describir teña moitas similitudes co que acontece noutros contextos similares, pero queremos deixar claro que a nosa análise, se ben na exposición que segue sobre funcións atribuídas á historia literaria pretende ser de aplicabilidade xeral (tal como se verá nos exemplos e nos estudos citados) no plano descritivo da análise de caso que nos ocupa restrínxese unicamente ao caso galego, porque é o único co que traballamos. Temos, pois, sumidos en grave crise dous conceptos que foron centrais na formación das sociedades contemporáneas: a nación e, con ela, a literatura.

Pero antes de continuar con estas reflexións cómpre distinguir a historia literaria canto investigación, da historia literaria canto obxecto de ensino. Nós centrámonos na primeira, aínda que a segunda é a plataforma de proxección desta cara a sociedade. Quérese dicir, con isto, que as funcións latentes no discurso da primeira, funcións que podemos explorar e enumerar nos textos, impleméntanse na segunda (aínda que non só). De aí que o desprazamento que a historia da literatura galega como obxecto de ensino está a ter nos planos educativos teña consecuencias tamén na investigación histórico literaria, que queda confinada así ás universidades como redutos nos que preserva unha entidade herdada dun pasado moito máis propicio a eses estudos.

Temos, pois, por unha banda, un espazo disciplinar, a historia literaria, pouco definido no plano funcional e que vai perdendo peso académico e social, particularmente na súa versión nacional(ista); e por outra, un desprazamento social desta disciplina vencellado, loxicamente, á crise dos dous conceptos citados: a nación e a literatura. Non obstante, a análise das súas funcións nun determinado momento histórico pode aclararnos cal veu sendo a utilidade social real desa disciplina, así como deixarnos intuír o

*A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

5

Para pensar esta cuestión da memoria colectiva é moi fructífera a lectura do traballo de Correa López (2002), onde poden atoparse treitos como o seguinte:

Referirse a la presencia de una memoria colectiva implica de forma necesaria, por tanto, la aceptación de ese colectivo como ente diferenciado y reflexivo, autoconsciente, y por tanto sujeto de memoria, por supuesto, pero también de voluntad, fruto igualmente necesario de la conciencia de ser. Referirse pues a la memoria colectiva, es decir, a la memoria de un colectivo, significa admitir la existencia de ese colectivo como sujeto independiente, consciente y con voluntad propia (Correa López 2002: 682).

6

A seguinte afirmación de Correa López é axial para a comprensión das funcións da historia na sociedade (e, como tal, susceptible de ser avaliada como aplicable á historia literaria): 'Precisamente, si existe un solo argumento que pueda aparentar racionalidad para aferrarse a algún dato que entonces legitime la identidad colectiva, más allá del simple acto de fe, éste se halla en la historia' (Correa López 2002: 687).

que significa o 'desprazamento' a que está sendo sometida nos novos planos de estudo, un desprazamento que espella outro desprazamento social, o da literatura, nunha sociedade cada vez máis tecnocrática e globalizada.

Cales son, xa que logo, as funcións que recoñecemos na historia literaria? Pois ben, se atendemos a aqueles estudos que foron feitos ao respecto da historia social, non especificamente literaria, a investigación historiográfica crea un discurso de relevancia histórica que outorga, en palabras de Linda Hutcheon (2006: 299), autenticación, intervencionismo e continuidade á nación, mediante un relato de corte tradicional (narrativa teleológica). Por outra banda, ese discurso contribúe á creación da autoimaxe, e pode supoñer valores éticos tales como servir de testemuño, rexistrar unha experiencia colectiva, crear novos sentimentos de pertenza ao fío de necesidades políticas novas (ex. identidade europea). Se extrapolamos estas funcións, explicadas pormenorizadamente en Correa López (2002), á historia da literatura nacional concluiremos que delimitar a literatura implica xerar unhas fronteiras, delimitar unha comunidade e crear un sentimento de pertenza. Xestiónase así a memoria colectiva,<sup>5</sup> que logo a escola principalmente se encargará de transmitir en canto mecanismo de reproducibilidade do sistema.<sup>6</sup> E xestiónanse os espazos de pensamento, porque esa área de pensamento que se abre en torno á comunidade delineada é propia, non compartida co que está fóra dela. Para dicilo doutro xeito, se puidésemos visualizar as sociedades como canles de comunicación discursivas veríamos que existen cortes, áreas diferenciadas, e esta autodelimitación cultural xeraría a súa propia área de pensamento. Referímonos, pois, a unha delimitación que se explica igual que o funcionamento da *semiosfera* de Lotman (1996), porque realmente diso é do que falamos, dunha construción cultural asentada sobre dúas linguaxes primarias: a lingua natural e a división do espazo (propio vs. alleo; tradución de vínculos sociais a relacións espaciais).

Dentro deste marco de análise que estamos delimitando, concluímos que a historia literaria, na súa selección de lecturas para a comunidade, é un mecanismo desa autoconstrución semiótica (nós vs. outros = propio vs. alleo; fronteiras da comunidade). E esta visión da historia da literatura nacional entraría no marco do que Bermejo Barrera (2007: 20-1) describe como discursos nacionais de carácter esencialista, caracterizados por el como historicistas, esencialistas e diádicos (que afondan nesa dialéctica entre nós/ eles, dentro/fóra, da que vimos falando). Se facemos unha prospección que excede un pouco o marco deste estudo, a modo de contrapunto co que vimos analizando, podemos apuntar a idea de que os novos modelos de historias literarias, e particularmente os promovidos pola *Internacional Comparative Literature Association*, seleccionan como obxecto de estudo a literatura de comunidades transnacionais e afondan, máis que nas comunidades contidas dentro de límites precisos, nos espazos fronteirizos nos que se dá a converxencia entre literaturas tradicionalmente estudadas como obxectos nacionais separados. O feito de que se elabore unha historia da literatura da América latina non deixa de ser un xeito de promover esa identidade, de 'crear' esa literatura, e mesmo de fortalecela en relación con outras literaturas e identidades máis fortes no mundo globalizado, levando a outra escala maior o que as historias da literatura nacional facían coas súas respectivas comunidades, tal como acabamos de sinalar.

Para sistematizar o dito, e baseándonos na tradición de pensamento sobre a funcionalidade da historia social, e noutros traballos máis enfocados á historia da literatura (Cabo Aseguinolaza 2004, Miguélez-Carballeira 2009, Rábade Villar no prelo), podemos falar dunha serie de funcións xerais

*A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

7

Isto incluíría tanto o relato daquelas experiencias traumáticas ou triunfais da comunidade, erixidas en balizas da súa historia oficial, como a aparición de voces marxinalizadas do discurso oficial coa súa propia versión das cousas.

8

Co termo 'obxectivación' referímonos ao proceso polo que unha entidade discutible (a literatura X) pasa a ter un discurso sobre ela, discurso cuxa existencia é incuestionable, aínda que non o sexa o seu referente. Acontece o mesmo ca cos nacionalismos, pois se a existencia dunha nación é cuestionable, o nacionalismo en cambio en canto sentimento e acción é algo observable.

9

Cabería tamén a posible pregunta: e sen historia literaria? Penso que depende do tipo de comunidade e do obxecto da resistencia. A defensa dunha identidade cultural foi apoiada historicamente polos discursos literarios e historiográfico-literarios, que foron útiles a eses fins, pero a reformulación do obxecto de resistencia influirá claramente nos instrumentos da mesma.

e dunha función especificamente literaria. Funcións xerais ou externas é a designación que escollemos para aludir a unha función identitaria (non necesariamente nacional) que sintetizaríamos nas palabras clave 'memoria', 'fronteiras' e 'autoimaxe' (asociables á súa vez con 'historia', 'xeografía', 'política' e 'imagoloxía'); e a unha función testemuñal converxente coa anterior pero diferenciábel, que se encarga de recoller experiencias importantes para esa comunidade e que é a que ten que ver coas voces que entran a construír o discurso historiográfico.<sup>7</sup> Tamén son funcións externas a propia obxectivación dun obxecto literatura X<sup>8</sup> definida segundo un criterio determinado, así como a creación dun espazo de pensamento propio.

No que atinxe ás funcións internas, a historia literaria ten unha función especificamente literaria que pode implementarse en diferentes usos segundo o momento histórico e as correntes teóricas en voga. Pode ir desde a compilación bibliográfica ao comentario de textos, pasando pola recollida e difusión da biografía dos escritores estudados. En calquera caso, a periodización e a fixación de lecturas (canónicas) son funcións que perviviron en diferentes momentos da historia da disciplina. En liña co dito, cómpre engadir ademais que a historia literaria ten, como todos os discursos sociais, unha carga ideolóxica, e é un dos discursos paradigmáticos do nacionalismo á par do político e do histórico-social. Poderíamos preguntarnos se a historia literaria é intrinsecamente heterónoma con respecto ao poder político, e teríamos que responder que a sociedade é pluridiscursiva e que, polo tanto, todos os discursos se cruzan, de xeito que o historiador literario tamén está influído polo historiador político, por máis que recoñezamos diferenzas na metodoloxía duns e doutros. Se se producise unha transferencia de carga ideolóxica do discurso histórico social ao histórico literario esa influencia faría variar só o grao de ideoloxización do discurso, mais non sería, en por si, un valor engadido. Non obstante, o que nos interesa neste artigo non é a pregunta de Uri Margolin '¿Qué estudia el historiador literario?' (Margolin 1993: 162), senón, ecoando dalgún xeito o título do libro de Bermejo Barrera, para que serve ou para que serviu na sociedade o que estuda(ba)? A explicación que segue intentará profundar nesta cuestión, en base aos seguintes puntos para a análise.

En primeiro lugar: pode existir unha comunidade resistente sen historia?<sup>9</sup> Consideramos que a resposta debe ser claramente *non*, dado que a memoria é a base da acción. Sen memoria non podemos ser axentes da nosa historia en ningunha dirección. Alén diso, a resistencia é resistencia a algo e ese algo é un obxecto igualmente construído con base na memoria histórica (máis ou menos recente). A historia é un rexistro que constrúe a memoria e pode ser instrumento para exercer a resistencia ou ben para obstaculizala, mediante discursos resistentes ou coniventes. Pero no caso de querer exercer a resistencia a historia pode ser unha ferramenta, e a historia literaria tamén, de xeito que esa resistencia pode ser, así, vehiculada discursivamente. Esta idea da memoria como ancoraxe necesaria para a resistencia vai imbricada en toda a argumentación de Correa Calderón (2002) a respecto de que a historia constrúe unha memoria social, que logo é inculcada aos individuos, e que sustenta a identidade colectiva. Atendendo ás palabras deste investigador, a resistencia como acción social só pode ser entendida no seo dun suceso colectivo que se constrúe por medio da memoria de grupo tecida na historia. María do Cebreiro Rábade (no prelo) tamén ten reparado nestas cuestións e apuntado a necesidade de circunscribirse a un uso extensivo do concepto testemuñal para aludir ao sentido histórico duns textos que fixeron da resistencia a súa razón de ser. Ela refírese ao discurso

*A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

10

Aínda que non aplicado, neste caso, ás nacionalidades emerxentes, pode ser ilustrativa esta cita tomada de Correa López (2002: 690) sobre historia, memoria e ensino:

Como dice Hobsbawm, “la historia de las grandes colectividades, nacionales o de otra clase, no se ha apoyado en la memoria popular, sino en lo que los historiadores, cronistas o aficionados a lo antiguo han escrito sobre el pasado...” transmitido de forma principal a través de la escuela.

literario, non ao histórico literario, pero apunta nel a función testemuñal necesaria para a resistencia, a modo de memoria literaria do pobo.

A segunda pregunta que nos formulamos é se a historia literaria nacional pode xogar un papel determinante de cara ao mantemento dunha comunidade autodefinida como nacional. Desde a perspectiva dunha sociedade diglósica, e historicamente obxecto dunha represión cultural, parécenos unha pregunta moi pertinente. Ben, pois a historia literaria nacional, como o seu nome indica, remite para unha identidade nacional (defínase esta nos termos nos que se defina), e non doutro tipo. No caso de Galicia, debemos reparar en que existen diferentes xeitos de interpretar o que é ou debe ser *ser galegos*, e dado que o nacionalismo é a opción minoritaria, e no franquismo ademais unha opción proscrita, constitúe unha opción resistente. Por iso mesmo, a historia literaria nacional pode transformarse en vehículo para exercer esa resistencia.<sup>10</sup>

En terceiro lugar, e como pregunta clave en torno á que facemos este estudo, preguntámonos se en situacións de represión política a historia literaria pode cumprir as funcións da historia social. Dito doutro xeito, prodúcese unha transferencia de carga ideolóxica doutros discursos sociais e particularmente do histórico ao discurso histórico literario? Finalmente, tamén nos preguntamos se o activismo cultural é viable como único elemento de continuidade identitaria. Para responder a estas últimas preguntas, e en relación con todo o antedito, traballamos cun *corpus* de historias da literatura galega publicadas durante a ditadura franquista, partindo da base de que se poderá responder, cando menos parcialmente, ás preguntas recén formuladas observando o discurso historiográfico literario. As conclusións ás que cheguemos estarán circunscritas, obviamente, ao caso galego, e deberán ser debidamente contrastadas antes da súa extrapolación a outros contextos.

O noso corpus inclúe: *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea* (1955a), *Sete poetas galegos* (1955b) e *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) de Ricardo Carvalho Calero; *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (1951-4) en tres tomos de Antonio Couceiro Freijomil; os capítulos referidos á literatura galega da *Historia general de las literaturas hispánicas* de Guillermo Díaz Plaja (1949-1968); a *Historia de la literatura gallega* (1951) e a *Historia da literatura galega* (1971), segunda edición moi aumentada e vertida ao galego da anterior, de Francisco Fernández del Riego; *Poesía gallega contemporánea* (1954) de Ramón González Alegré; *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea* (1972) de J. P. González Martín; *La literatura gallega 1200-1936* (1974) de Mario Hernández; *7 ensayos sobre Rosalía* (1952) de Luís Pimentel et alii; *Historia de la literatura gallega* (1951) de Benito Varela Jácome; e *Poesía y restauración cultural de Galicia* (1958) de José Luís Varela. Non todas estas obras son exactamente historias da literatura, senón que tamén se inclúe un diccionario de autores (Couceiro Freijomil 1951-4) ou unha colectánea de ensaios (Pimentel et alii 1952), por exemplo. Nestes casos deuse preeminencia ao funcionamento destes textos no campo cultural (posibilidades de circulación, receptores potenciais, tipo de teses e valores que sosteñen...) sobre o formato discursivo dos mesmos. Todos versan sobre literatura, todos teñen un tipo de contidos e todos se expoñen á mesma recepción e, por tanto, ao mesmo tipo de funcionalidade social, que é a cuestión que nos interesa analizar.



*A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

11

Usamos a palabra 'cientificidade' no sentido xenérico de 'contrastabilidade, obxectividade, exactitude do coñecemento acadado e transmitido por unha disciplina', non naqueloutro específico de 'aspiración da historia a converterse nun saber científico' que se deu nun momento histórico determinado.

12

Para ampliar os datos sobre o exercicio da censura, as diferentes leis que se sucederon na etapa franquista e mesmo a súa utilidade política poden verse Ruíz Bautista (2008) e Gubern (1981).

## 2. Análise de caso: O discurso historiográfico literario galego na etapa ditatorial. Transferencia de funcións?

Antes de levar a cabo esta análise de caso non sobra reparar nalgunhas particularidades do discurso historiográfico interesantes aos efectos do que imos analizar. A análise de calquera tipo de discurso á hora de valorar a súa influencia social esixe previamente ver de qué tipo de discurso se trata, cales son os seus obxectivos (explícitos e implícitos) e cómo é percibido polos seus potenciais receptores. Así, é fundamental explorar a opinión que a historia e a historia literaria espertan nos seus lectores. O grao de cientificidade, ideoloxización e performatividade que lle son outorgados polos seus usuarios son factores fundamentais na análise das funcións que efectivamente poida desempeñar ese discurso. No caso que nos ocupa, a efectos de análise da recepción en termos ideolóxicos, veremos que existen cando menos tres tipos de lectores: os censores, os lectores filonacionalistas ou filoculturalistas e o resto.

No seu libro *Naciones y nacionalismo*, Gellner (1988) acláranos que o discurso histórico non é unha reprodución de algo existente, senón que os historiadores, a partir dunha serie de datos, dunhas bases ideolóxicas e duns obxectivos máis ou menos explícitos, contribúen á formación dunha tradición de pensamento histórico que, logo de transmitida ao colectivo social, acabará volvendo sobre si mesma, de xeito que pase a ser percibida non como unha 'elaboración' senón como unha 'reprodución do existente'. Se nos centramos xa no momento histórico que nos ocupa, os tempos de represión supoñen unha desconfianza severa sobre este tipo de discursos creadores de autoconciencia identitaria, cultural e política. Non obstante, veremos que existe unha diferenza moi importante entre a consideración que lle merece á censura a historia e a que lle merece a historia literaria, diverxencia que podería levarnos a reflexionar seriamente sobre a diferente cientificidade<sup>11</sup> atribuída en xeral á historia literaria, que evidentemente non é un elemento banal na crise que atravesamos a disciplina como eido de investigación.

Durante o réxime franquista exerceuse unha censura férrea contra todo tipo de publicacións que se considerase que atentasen contra o Dogma, a Igrexa, os seus Ministros, a moral, o Réxime e as súas institucións e colaboradores. As condicións e o exercicio desta censura variaron na sucesión de diferentes leis de prensa,<sup>12</sup> pero cómpre chamar a atención sobre dúas cuestións que foron obxecto de represión durante practicamente todo o franquismo: o uso das linguas rexionais e os atentados contra a unión da Patria. Calquera publicación que supuxera unha exaltación nacionalista emancipadora entraría nese apartado de ataque á unidade da patria. Non obstante, non se impediron todas as publicacións en galego nin sobre asunto galego, pero iso si, tal como explica Xosé Manuel Dasilva na exposición 'Editar en galego baixo a censura franquista':

Os censores procuraron fomentar a idea da inferioridade do noso idioma. O ideario da ditadura, sen prohibir expresamente o seu uso, relegaba desta forma o galego a certos rexistros –lírico, folclórico, humorístico, mesmo como medio de exaltación do propio franquismo– que deixasen patente a súa condición subalterna.

Parece case unha obviedade dicir que na etapa ditatorial non se publicaron moitas obras tituladas 'historia de Galicia'. Só temos noticia

*A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

13

A *Historia de Galicia* de Vicente Risco e a *Historia de la literatura gallega* de Francisco Fernández del Riego formaron parte da colección de Manuais Galaxia, unha das primeiras iniciativas da nova editorial inserita na súa vocación formativa da sociedade galega.

14

Unha das obras, Fernández del Riego (1971) é unha reedición, co cal poderíamos dicir 1/12. Non obstante, trátase dunha obra ampliada e publicada agora en galego, dúas cuestións estas (ampliación e cambio de lingua) que lle dan unha entidade suficiente, na nosa opinión, para tratala como obra separada.

dunha, de Vicente Risco,<sup>13</sup> titulada dese xeito e publicada na súa primeira edición por Galaxia en 1952. Non obstante, trátase dunha obra publicada por un autor que non era sospeitoso de ir contra o réxime. Fóra dese traballo, o diferencialismo só era permitido dentro dos límites diglósicos comentados. Así o explica Bermejo Barrera, que referíndose aos primeiros anos trala morte de Franco afirma: ‘Neses anos houbo en toda España un *boom* editorial da Historia, sen dúbida pola forza que ten o que Freud chamou o “retorno do reprimido”’ (2007: 17). Ese ‘retorno do reprimido’ e ese *boom* editorial do que fai mención son outro xeito de evidenciar a represión exercida sobre este tipo de discurso durante a ditadura franquista, posto que a censura ten un duplo valor represor: o que se exerce sobre o xa feito e encamiñado á publicación, pero tamén o que frea a propia produción de discursos que se sabe de antemán que non poderán acceder legalmente ao mercado. A historia literaria, non obstante a ser historia, podería ser vista polos censores un pouco na liña destas contribucións á folclorización do propio, o que a afastaría dunha historia social. A historia literaria converteríase entón nun dos únicos discursos ‘científicos’ consentidos porque se verían nela máis funcións de patrimonialización do folclore propio que de materialización e transmisión de ideoloxías. Como primeiro indicio de que isto foi efectivamente así podemos achegar un dato, fronte á publicación dunha única *Historia de Galicia*, a mencionada de Risco, o número de historias da literatura galega ou estudos nesa liña é de 13.<sup>14</sup> A proporción 1/13 amosa xa claramente unha diferente consideración para un e outro tipo de obra. Referímonos ás publicacións do noso corpus, xa citadas, cuxas referencias completas poden verse na bibliografía: Carvalho Calero (1955a, 1955b, 1963), Couceiro Freijomil (1951-4), Díaz Plaja (1949-1968), Fernández del Riego (1951, 1971), González Alegre (1954), González Martín (1972), Hernández (1974), Pimentel *et alii* (1952), Varela Jácome (1951) e Varela (1958).

O contraste dos textos examinados para este estudo con aqueles outros comprendidos entre 1863 e 1939, tamén historias da literatura e textos afíns, cos que xa traballara para unha investigación anterior (Domínguez Mallo 2008), permítame afirmar que nas obras agora estudadas non existe unha maior politización do discurso ca a que xa existía nesas precedentes. Quérese dicir que aquelas afirmacións que aparecen no seo do discurso histórico literario e que poderían ser encadradas no que se entende por un contido político ou ideolóxico nacionalista emancipador, xa aparecían nas historias da literatura e textos afíns anteriores á ditadura franquista. Compróbase, non obstante, unha maior permisividade co discurso historiográfico literario por parte dos censores, xa que pasan a censura libros que conteñen cuestións que estaban sendo reprimidas polo réxime, desde a afirmación de universalidade dalgúns autores ás mencións do ser nacional, onde nacional ten por referente Galicia e non España. Ese tipo de frases xa existían nalgunhas historias da literatura anteriores, como vimos dicindo, o que fai que non poidamos falar dunha politización a nivel de discurso (fundamentalmente é un discurso continuísta). No entanto, consideramos que eses comentarios non pasarían a censura noutro soporte que non fose a historia literaria, dado que se ben son postulacións propias da historia social e política, xa vimos que non se publicaban obras desa índole e que se sospeita, tal como nos permiten intuír as palabras de Bermejo Barrera (2007: 17), que non se publicaban deliberadamente por medo á represión que podía ser exercida sobre os autores. Reafirmámonos, xa que logo, en que o histórico literario é un discurso visto con maior permisividade debido a esa

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achea ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

función presuposta de patrimonialización do folclore e da cultura. Cómpre ter en conta que unha mesma mensaxe en diferente soporte/plataforma de proxección pode ver alterado o seu significado, pero precisamente esa posibilidade é a que permite un uso desviado do pacto lector. Os comentarios aos que aludimos, presentes no discurso historiográfico literario, non serían seguramente admisibles no seo dun traballo de carácter histórico social ou político, e por outra parte, o que é aínda máis fácil de constatar, este tipo de traballos xa non vían a luz. No que atinxe á variabilidade semántica outorgada polo soporte, é ela a que permite que o pacto lector en determinadas circunstancias sexa desviado da lectura recta á lectura implícita. Nese caso, os enunciados e o soporte mantéñense, pero o pacto lector varía para dar cabida non á lectura tradicional nese soporte, senón á lectura propiciada pola superposición de niveis semánticos, coa superposición aquí dun contido político-identitario ao contido meramente literario ou, máis ben, cun incremento no grao dese contido. Poderíamos facer un símil un tanto peculiar, pero ilustrativo ao fin e ao cabo, co funcionamento en fonética dos arquifonemas. Nun arquifonema reúnen os trazos básicos imprescindibles dun grupo de fonemas nunha determinada posición. A historia literaria en contextos de represión política e censura podería ser como o arquifonema dos discursos identitarios-políticos do pobo. No entanto, existe unha diferenza co funcionamento dun arquifonema e é que este funciona como tal para todos os receptores, mentres que, como veremos, a historia literaria non é recibida por todos do mesmo xeito.

Un exemplo destas cuestións que pasan a censura é a propia exaltación de poetas asociados a valores claramente proclives a seren censurados: a universalidade filosófica de Rosalía de Castro, o anticlericalismo e a poética civil de Curros, o chamamento á revolta campesiña de Cabanillas. O simple estudo deses poetas supón non só un recoñecemento da súa valía literaria senón tamén un xeito de manter a memoria histórica do país. A existencia de referentes, heroes, fitos históricos, supón un mecanismo historicamente válido de creación ou reforzo de cohesión identitaria. Alén diso, hai libros inzados de ideoloxía ou que poden remitir a ela subliminalmente, ben por faceren referencia a autores marcados ideoloxicamente, ben por simplemente manter unhas bases de continuidade e diferencialismo na visión do pobo. Seguimos vendo, xa que logo, esa maior permisividade cara a este tipo de discurso. E logo están esoutras historias asinadas por autores non galegos, interesados verdadeiramente só no cultural, que non interesan ao estudo da posible ideoloxización do discurso, pero si teñen un valor como contrapunto, como salvagarda que facilita a publicación do resto de historias sen levantar excesivas suspicacias. No noso corpus atopáranse nesta situación González Martín 1972 e Mario Hernández 1974. Por outra parte, os capítulos sobre literatura galega de Filgueira Valverde, Varela Jácome e Risco inseridos na historia de Díaz Plaja (1949-68) están condicionados cara unha desideoloxización nacionalista galega emancipadora tanto pola obra na que se insiren (unha historia de literaturas hispánicas, que na súa 'normalización da diferenza' tamén a 'escurece' en certa maneira), como polo seu propio carácter fragmentario (cada un analiza unha parte desa evolución histórico-literaria, o que lle resta desenvolvemento teleolóxico ao artellamento discursivo).

Cómpre ter presente, por outra parte, que no caso do nacionalismo galego os enclaves do exilio e da emigración xogaron un papel relevante no mantemento da cultura propia e do espírito galeguista. Trátase, en certa maneira, dunha canle paralela para o discurso ideolóxico. A cuestión,

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Acheга ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

15

A explicación de Piñeiro para o feito de non unirse á acción política aparece nunha carta aos galeguistas do exterior (citado por Rodríguez Polo 2009: 147):

... a política do galeguismo precisaba actuar en dous planos distintos: o plano dos partidos e o plano da actividade cultural. O plano dos partidos é moi evidente a súa necesidade; pero o plano da política cultural, do galeguismo cultural, é non menos necesario. A razón é moi sinxela: nos partidos militaré un sector da sociedade galega, o sector politizado, que sempre é unha minoría e que, por outra banda, se fragmentará e se polarizará en diversos grupos ideolóxicos que case sempre serán rivais. Pero todo ese grande sector da sociedade que non milite nos partidos nin se identifique coas súas ideoloxías concretas, non podemos abandonalo. Necesitamos galeguizalo, sensibilizalo como personalidade colectiva. E eso temos que o facer a través do labor cultural. A política do galeguismo en conxunto precisa dunha política cultural, dunha docencia galega que, para ben ser, ha de actuar ao marxe e por riba dos partidos. Agora, para levar a cabo esa política de galeguización a través da acción cultural cómpre que estean ao fronte dela algúns nomes que non teñen significación partidista. Esa é a razón pola que algúns homes coma Fermín Penzol, García-Sabell, Marino Dónega ou eu mesmo non pertencemos a ningún partido concreto.

en todo caso, é que a comunicación entre os exiliados e os que vivían en Galicia non era doada, e a vida no país corría máis ben paralela que converxentemente. As diverxencias entre uns e outros devían de que os galeguistas do interior se negaban a aceptar o Consello de Galicia como representante da totalidade do movemento e a acatar as decisións que se tomaban fóra. Pola súa parte, os exiliados consideraban a actividade galeguista interior 'incolora, de vaselina e guante branco' (Rodríguez Polo 2009: 84). Xa que logo, coas comunicacións difíciles e a acción política interior coartada ata a práctica inexistencia, revélase pertinente analizar o funcionamento do discurso historiográfico literario galego no interior, dado que era aí onde podía cumprir unhas funcións particulares, derivadas da situación sociohistórica. Ademais de que, logo de que quedase claro trala Segunda Guerra Mundial que os aliados non ían intervir no réxime franquista, e logo tamén da morte de Castelao no 1950, a actividade nacionalista no exilio esmorece e, de novo, tal como explica Justo Beramendi (2007), o futuro do nacionalismo parece quedar en mans da vida interior do país.

Neste contexto de censura e forte represión política inmediatamente posterior á Guerra Civil, intelectuais galegos que se salvaran desa represión e do exilio deciden que é o momento da loita cultural, e unicamente cultural. É a fase que Julio Cabrera identifica do seguinte xeito: 'las condiciones sociopolíticas sólo permitirán la lenta y oscura labor de construcción cultural de la nación: es el momento del líder intelectual' (1992: 15). Nesta fase a labor fundamental foi desenvolvida polos intelectuais que se movían en torno á Editorial Galaxia fundada no 1950.

A base desa acción cultural, encabezada por Ramón Piñeiro e denominada *piñeirismo* será, en palabras de Beramendi: 'transmitir a lembranza e o discurso do galeguismo ás seguintes xeracións coa esperanza de «galeguizar» todo o posible as forzas políticas democráticas que rexurdisen no futuro' (Beramendi 2007: 1081). Este mesmo autor define o piñeirismo como unha doutrina asemade 'de resistencia e de renuncia' (Beramendi 2007: 1081). O interesante da evolución do nacionalismo galego do interior sería o feito de que o culturalismo piñeirista daría, efectivamente, os seus froitos e os seus discípulos tomarían conciencia da identidade propia de Galicia. Paradoxalmente, cando aqueles rapaces universitarios que mantiveran contacto co *mestre* e foran, en certa maneira, adoutrinados segundo os seus preceptos, comezaron a organizarse politicamente na clandestinidade (non podía, aínda, ser doutro xeito) el non quixo seguir esa vía e mantívose no cultural, algo que Xosé Ramón Barreiro (1991) analiza dicindo que Piñeiro non parecía decatarse de que non pode ensinárselle a ninguén a usar uns instrumentos de análise e logo invitalos á inanición política.<sup>15</sup> Velaquí a resposta a se o activismo cultural é viable como único elemento de continuidade identitaria: si, pero só temporalmente.

A continuación faremos varias calas nalgunhas das obras do noso *corpus* (non en todas porque xa vimos que parte delas estaban en certa maneira abocadas a unha desideoloxización do discurso nos termos de nacionalismo galego emancipador), para acreditar con base nos textos as afirmacións que viñemos facendo e para poder a partir delas, e do contexto que fomos delimitando, analizar a recepción posible nese momento.

A obra de Varela Jácome (1951) é das que encadran a literatura galega dentro da castelá, sen unha vocación emancipadora, e aínda así, contén unha serie de informacións e avaliacións que enriquecen o caudal da tradición de pensamento galeguista, por exemplo, a súa vocación por buscar na literatura galega anticipacións de grandes xenios da literatura europea

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achea ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

16

A colección chamábase  
'Enciclopedia gallega'. Inclúense  
na mesma un *Catálogo de monumen-  
tos de Galicia* de Ángel del Castillo  
e un *Diccionario gallego* de Aquilino  
Iglesia Alvariño.

sen mediación da castelá. Así, para el Feijoo constituíu un claro exemplo de liberdade creativa trinta anos antes ca Diderot (Varela Jácome 1951: 128). Este tipo de salto Galicia-Europa, sen mediación española, é unha das reivindicacións históricas do galeguismo e fora particularmente querida polos homes de Nós.

Fernández del Riego (1951, 1971), pola súa parte, chega a dedicar un breve epígrafe da súa *Historia de la literatura gallega* ao rexionalismo político, pois afirma que: 'Dentro del propio ambiente de exposición histórica de nuestra Literatura, que desarrollamos aquí, consideramos oportuno señalar la proyección política, que se mantuvo reciamente vinculada a lo literario' (Fernández del Riego 1951: 88). Parécenos unha afirmación certamente arriscada de cara á censura, pero así ficou consignada no texto, e supón un bo exemplo de todo o que vimos sostendo. Fernández del Riego inclúe moitas afirmacións que poderían ser consideradas sospeitosas pola censura, tanto na obra de 1951 como na reedición ampliada e traducida de 1971, pero só engadiremos unha máis para dar conta daquilo do que falamos: 'Cernadas levantó su grito viril de protesta frente a lo extraño, abstracto y uniformista; y es ésta una cualidad que hay que tener en cuenta para juzgarlo, en tiempos de una Galicia desfigurada y decadentista' (Fernández del Riego 1951: 57).

A obra de Pimentel *et alii* (1952) presenta en si mesma o valor que supón facer unha achega colectiva a unha autora galega, Rosalía de Castro, en razón da súa universalidade, unha achega na que participan investigadores portugueses, o que acentúa a autoridade e abertura do estudo, contraria completamente aos esquemas pechados de pensamento da ditadura. Dentro dela podería destacarse o ensaio que lle dedica Carvalho polo que implica de chamar a atención sobre as verdadeiras razóns polas cales a crítica preferiu en ocasións os *Cantares Gallegos* ás *Follas Novas*, nunha análise da polaridade folclorismo-universalidade que podería resumirse na seguinte frase: 'Como o galego non fora empregado ate de aquela máis que no ámbito do realismo pintoresco, a inercia esixía que se non pasara de ahí' (Carvalho, en Pimentel *et alii* 1952: 27).

Couceiro Freijomil (1951-4) elabora coa súa obra un traballo monumental de compilación de datos e ofréceo así aos interesados na materia dentro do marco dunha colección da editorial Bibliófilos Gallegos destinada a compilar todo o saber necesario para coñecer a vida histórica e cultural galega.<sup>16</sup> Interésannos particularmente os paratextos da obra, dos que non excluimos o prólogo inédito que preparou para ela, no que chega a afirmar (na súa valoración do propio) que tamén trata autores que non son galegos pero que demostraron o seu amor a Galicia porque 'Esto es lo que interesa, porque sustancialmente los hace nuestros, más nuestros que los hijos indiferentes ante la madre amorosa' (inédito: iv).

Deixando de lado a insistencia contundente de González Alegre (1954) nas peculiaridades diferenciais da poesía galega, así como a súa vontade de elaborar un canon que soerga a valoración que os lectores da literatura propia tiñan dela, sumida como estaba en montes de erudición impenetrables nos que as obras se xulgaban canto que existentes, non canto que de calidade, interésanos unha dedicatoria escrita a man no exemplar que manexamos para este estudo. Vai dirixida ao escritor portugués Antonio de Oliveira e di: 'Ao meu bon amigo e distinguido escritor portugués Don Antonio D'Oliveira, adico este libriño de loita e de paixón galega'. Non hai comentarios explicitamente políticos no texto, tan só unha vontade diferencial e de posta en valor do fenómeno literario. Non obstante, esa dedicatoria, por parte do seu autor, revela unha vez máis a fogueira común

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Acheга ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

de aspiracións que o discurso histórico literario contribuía a alimentar cando o resto de discursos identitarios estaban proscritos.

Carvalho Calero, pola súa banda, fixo as achegas máis importantes á tradición historiográfico-literaria galega da época. Se nos achegamos ás *Aportaciones* (Carvalho 1955a), un libro feito para público non galego, veremos a obra salpicada de parágrafos de dobre lectura como aquel destinado a aclarar o desinterese no que se viu sumida a obra de Curros e o xeito en que agora volve repuntar polos tempos que corren:

Hemos sufrido demasiado para conservar ese anhelo de virginidad estética. [...] La brutalidad de la vida contemporánea nos ha hecho más humildes. Las torres de marfil eran castillos de naipes que el huracán se llevó. [...] Volvemos a ver el arte como lo que naturalmente es, como una expresión de la vida. (Carvalho Calero 1955a: 74-5).

Esa reivindicación da literatura comprometida tería o seu correlato natural na análise histórica subseguinte, unha análise que amosase o valor político desa literatura, posto que con esa vontade e finalidade nace. A obra de Carvalho da que, non obstante, temos máis información porque contamos co comentario que lle mereceu ao seu censor, exhibido na exposición de Dasilva (2009), é *Sete poetas galegos*:

Es un estudio sobre los siete poetas gallegos más importantes del siglo pasado y principios de éste. En ningún caso enfoca el estudio desde un punto de vista político, si bien puede observarse de continuo el amor a la región de cuyos poetas se habla. El lector no ve inconveniente en que se autorice la publicación (Dasilva 2009).

E para contrastar esta cita co que explicamos do que supuña o estudo deses poetas en realidade, e das frases que noutro contexto serían inadmisibles, faremos outras dúas citas pertencentes a esta obra que 'En ningún caso enfoca el estudio desde un punto de vista político' (Dasilva 2009):

Tamén Curros tencioóu unha labor docente. [...] A súa poesía é liberal, democrática e progresista. Diríxese aos que creen que o home é naturalmente bo e que a sociedade pode atinxir fórmulas de melloramento mediante a colaboración de todos. Curros non escribe principalmente pra os poetas nen pra os galegos, senón pra todos os homes, pero os homes en sociedade. O leitor de Curros é o home universal; pero non o home a secas, senón o home político, o animal político, o zoon politikón. (Carvalho 1955b: 142)

Finalmente, en Rosalía chegamos ao tarreo da pura universalidade, da pura humanidade. Tamén Rosalía fala pra todo home; pero iste home xa non ten que ser o home político; abonda con que sexa home. O leitor de Rosalía é o home de todos os tempos, de todos os credos, de todos os países, de todas as culturas, de todas as situacións. Rosalía pódese traducir a calquer idioma. A mellor Rosalía non nos perte(n) ce sós: é un don que fixemos á humanidade. (Carvalho 1955b: 142-3).

Poderían facerse máis citas nesa liña, pero con isto abonda para ver o grao de ideoloxización do presuntamente apolítico. Na primeira cita vemos a exaltación dun poeta do que se denunciou a publicación da sexta

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

17

Esa vocación universalista é xa intrínseca ao movemento galeguista organizado en torno a Galaxia, editora en cuxo nome converxen a vontade de centrarse na problemática galega e de abrirse asemade a unha dimensión europea e universal (Rodríguez Polo 2009: 62).

edición d' *O divino sainete* (Madrid, Librería y Casa Editorial Hernando, 1943) dicindo literalmente: 'Y es tremendo que esta obra gallega, que llegó a ser prohibida en los tiempos liberales de la Monarquía por su infamia para la Iglesia y el Estado, haya podido ser publicada hoy' (Dasilva 2009). No segundo fragmento é de Rosalía de quen se fala pero eloxiando a universalidade da súa temática metafísica, un extremo temático do que o galego fora expulsado explicitamente pola censura coa prohibición da publicación da tradución de *Da esencia da verdade* de Heidegger e toda unha polémica entre certas personalidades afíns ao Réxime sobre o improcedente de falar da filosofía en galego, ou como diría Juan Aparicio, Director General de Prensa, 'con ritmo de gaita' (Dasilva 2009). Por outra banda, trátase dunha universalidade que elimina de por si o filtro do españolismo na comunicación entre Galicia e o resto do mundo culto.<sup>17</sup> E seguindo na mesma liña argumentativa, no apartado dedicado a Rosalía da *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* hai un epígrafe ilustrativamente denominado 'Do folklore á metafísica' (Carvalho Calero 1963: 179) que volve sobre a cuestión da que estamos a falar e que xa apuntara no estudo dedicado á autora inserido en Pimentel *et alii* (1952). Pero non seguiremos recalando na obra de Carvalho para non monopolizar os exemplos.

Por último, a obra de José Luís Varela (1958) ofrécenos a verbalización explícita en certa maneira de toda esta tensión que vimos tratando de subliñar entre un contido, político ou non, e unha posible lectura politizada dos textos de cara á censura. Así, o autor enuncia claramente o seu desinterese na análise política, algo que sería ben visto pola censura obviamente, e faino coas seguintes palabras:

Detrás de Curros estaban unas ideas. [...] En Curros latían ideas, actitudes políticas. La experiencia podría repetirse con Pondal o con Rosalía. Desde estas páginas iniciales, el autor de este libro pide, con sinceridad y humildad, ser creído: el autor se ha esforzado por ver sin política el contenido político de una literatura de gran calidad. El autor es gallego, y filólogo. (Varela 1958: 24)

Non obstante, esa aparente desideoloxización contrasta radicalmente con outras afirmacións inseridas no libro nas que non nos imos parar porque abonda con examinar as citas paratextuais que o encabezan. Unha delas, de Menéndez Pelayo, remite a unha patria española conformada por diferentes rexións (Varela 1958: 7); a outra, de T.S. Eliot, di que calquera renacemento cultural que non aspire a cambiar tamén a estrutura política e económica sería un anacronismo inútil (Varela 1958: 7). É moi chamativa a abertura do libro con esas dúas citas que en certa maneira se contradín aínda que intenten parecer compatibles, pois o cambio na estrutura política e económica de Galicia pasaría por cambios radicais na ditadura ou directamente, pola desaparición da mesma. Coa referencia a esta obra deixamos xa a aproximación a textos concretos para afondar na análise que nos merece todo o xustificado ata o momento.

Por riba de todo, a recepción dun discurso culturalista e a súa reconversión ou implementación política (base da doutrina piñeirista antes sinalada) amosa certos paralelismos co papel da historia literaria en épocas difíciles para a historia sociopolítica do país. Así, a resistencia, a ideoloxía latente nos textos pode ser ás veces máis unha cuestión de recepción que de produción. O que quero dicir é que, se ben no ánimo de Ramón Piñeiro estivera nun principio manter o espírito dun galeguismo precedente de

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

18

No contexto anterior ao ditatorial a literatura galega non formaba parte dos planos de estudo obrigatorio, pero si que había, no entanto, plataformas de transmisión ideolóxica. E no contexto posterior, cando se habilitasen as plataformas, esas xogarían un papel fundamental na transmisión/construción da propia identidade.

cara a unha futura proxección política dese espírito, logo parece que o seu discurso se desideoloxizaba ou perdía en certa maneira o referente que tivera no inicio. A proxección política dese discurso naceu dos receptores do mesmo, da lectura do fondo político en potencia. Do mesmo xeito, aínda que as historias da literatura publicadas na ditadura mantiñan un discurso en certa maneira continuísta en relación ao que tiñan noutros períodos de maior liberdade, o que elas supuñan de soporte identitario, e o peso engadido derivado da ausencia doutros discursos que puideran sustentar a identidade propia, funcionaba como base dunha posible implementación doutra índole. A resistencia vehiculada nesas historias é non só cousa do discurso senón, en maior medida, da recepción dese discurso. Esta conclusión non implica crer na estratexia piñeirista como única vía de actuación, pero si non pechar os ollos á potencialidade dos discursos para asumir novos valores en función do contexto comunicativo no que se produzan e difundan.

E cales eran os receptores do discurso historiográfico literario galego capaces de facer esa *lectura resistente*? Podemos supoñer, sen medo a equivocarnos, que se trataba de minorías cultas interesadas na cultura galega, tanto aqueles persoeiros que viviran un momento anterior de liberdade e soño nacionalista, embarcados dalgún xeito nun proxecto truncado, como as novas xeracións de estudantes universitarios, literatos e xente culta en xeral que recibía un discurso culturalista no que se deixaba intuír un fondo político ou cando menos identitario que rebordaba amplamente aquilo que a simple vista se percibía. Esas novas xeracións podían estar sendo adoutrinadas por galeguistas que transmitían o legado do pasado, entre eles Ramón Piñeiro como cabeza visible. A predisposición dos receptores a unha lectura politizada de calquera discurso relativo a unha identidade galega, neste caso, da historia literaria, filtraba a recepción. A súa actitude é o que realmente cambia en épocas de represión, non o discurso.

Polo tanto, a conclusión do noso estudo é que as historias da literatura si que poden xogar o papel da historia social neste tipo de contextos, pero só dentro dunha comunidade receptora acoutada, non de cara á sociedade en xeral. O conxunto da sociedade vese excluída da comunicación que xorde entre o discurso historiográfico literario e os seus receptores polo truncamento das plataformas sociais de proxección (fundamentalmente o ensino).<sup>18</sup> A sociedade en xeral queda fóra desa transmisión ideolóxica, non así as elites. Para as minorías cultas a historia literaria pode facer o papel da historia social porque as funcións identitaria, testemuñal e tamén literaria que supoñen a defensa dunha identidade propia e diferenciada, o rexistro e obxectivación desa identidade e dos seus produtos mantéñense. Polo tanto, o potencial resistente dese discurso público vese modelado na recepción por lectores definidos segundo un perfil claramente filonacionalista ou filoculturalista cando menos.





*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

## Obras citadas

- ABUÍN, Anxo & Anxo TARRÍO, eds., 2004. *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica* (Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, 1991. *Galicia. Historia. Tomo VIII. Historia Contemporánea. Política*. (A Coruña: Hércules de Ediciones).
- BELLO VÁZQUEZ, Raquel, 2008. 'A História da Literatura e algunhas novas técnicas de estudo. A autonomia da disciplina em causa'. *Veredas* 10: 253-267.
- BERAMENDI, Justo, 2007. *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Vigo: Xerais).
- BERMEJO BARRERA, José Carlos, 2007. *¿Para que serve a Historia de Galicia?* (Noia: Lóstrego).
- BURTON, Antoinette, ed., 2003. *After the Imperial Turn. Thinking with and through the Nation*. Durham NC and London: Duke UP.
- CABO ASEGUINOLAZA, Fernando, 2004. 'Crítica e Historia literaria', in Arturo Casas 2004: 79-102.
- CABRERA, Julio, 1992. *La nación como discurso. El caso gallego* (Madrid: Siglo XXI de España Editores).
- CARVALHO CALERO, Ricardo, 1955a. *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea* (Madrid: Gredos).
- \_\_\_\_\_, 1955b. *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio* (Vigo: Galaxia).
- \_\_\_\_\_, 1963. *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)* (Vigo: Galaxia).
- CASAS, Arturo, 2004, coord. *Elementos de crítica literaria*. (Vigo: Xerais).
- \_\_\_\_\_, 2006, 'El eje local-mundial como reto para la historia literaria'. *Tropelías* 15-17 (2004-2006): 43-58.
- CORREA LÓPEZ, Marcos J., 2002. 'Función y enseñanza de la Historia: acerca de la identidad colectiva (reflexiones sobre individuo y sociedad)', en Forcadell et alii 2002: 679-693.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, 1951, 1952, 1954. *Enciclopedia Gallega. Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (Editorial Bibliófilos Gallegos: Santiago de Compostela).

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Achega ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, inédito, 1954. Prólogo inédito ao *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. (Mecanoscrito con correccións autógrafas depositado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela baixo a sinatura: Ms. 618).

CURTHOYS, Ann, 2003. 'We've Just Started Making National Histories and You Want Us to Stop Already? ', en Antoinette Burton 2003: 70-89.

DASILVA, Xosé Manuel, 2008. 'A censura franquista e Xosé María Álvarez Blázquez', en Tarrío 2008: 125-159.

\_\_\_\_\_, comisario da exposición, 2009. 'Editar en galego baixo a censura franquista' (Santiago de Compostela, marzo de 2009).

DÍAZ PLAJA, Guillermo, 1949-1968. *Historia general de las literaturas hispánicas*. I: *Desde los orígenes hasta 1400* (1949); II: *Pre-Renacimiento y Renacimiento* (1951); III: *Renacimiento y Barroco* (1953); IV: *Siglos XVIII y XIX* (1957); V: *Post-romanticismo y Modernismo* (1958); VI: *Literatura contemporánea* (1968) (Barcelona: Barna).

DOMÍNGUEZ MALLO, Lorena, 2008, inédito. *A fundamentación dunha historiografía literaria: delimitacións e caracterización da literatura galega no discurso historiográfico (1865-1951)*.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, 1951. *Manual de Historia de la literatura gallega* (Vigo: Editorial Galaxia).

\_\_\_\_\_, (1971). *Manual de Historia da literatura galega*, 2ª edición, (Vigo: Editorial Galaxia).

FORCADELL, Carlos et alii, coord., 2002. *Usos públicos de la historia* (Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza).

GELLNER, Ernest, 1988. *Naciones y nacionalismo* (Madrid: Alianza Editorial) [*Nations and Nationalism*, 1983, Oxford: Basil Blackwell Publishers].

GONZÁLEZ ALEGRE, Ramón, 1954. *Poesía gallega contemporánea. Ensayo sobre literatura gallega* (Pontevedra: Colección Huguín).

GONZÁLEZ MARTÍN, J.P., 1972. *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea*. Sada (A Coruña: Edicións do Castro).

GUBERN, Román, 1981. *La censura. Función política y ordenamiento jurídico bajo el franquismo (1936-1975)* (Barcelona: Ediciones Península).

HERNÁNDEZ, Mario, 1974. *La literatura gallega 1200-1936* (Madrid: Publicaciones Españolas).

HOOPER, Kirsty, 2006. 'Novas cartografías nos estudos galegos: nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais', *Anuario de Estudos Galegos* 2005: 64-73.

*A historia literaria como  
discurso multifuncional:  
Acheга ás funcións asumidas  
pola historia da literatura  
galega durante o franquismo*  
Lorena Domínguez Mallo

HOOPER, Kirsty & Manuel PUGA, comp., forthcoming. *Contemporary Galician Studies: Between the Local and the Global*. MLA.

HUTCHEON, Linda, 2006. 'Repensar el modelo nacional', in Romero López 2006: 231-304.

LOTMAN, Iuri M., 1996. *La semiosfera. I. Semiótica de la cultura y del texto* (Madrid: Cátedra).

MARGOLIN, Uri, 1993. 'Sobre el objeto de estudio de la historia literaria', *Criterios* 30 (xullo-decembro 1993): 162-195.

MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena, 2009. 'Alternative Values: From the National to the Sentimental in Galician Literary History', in *Bulletin of Hispanic Studies* 86.2: 271-192.

PIMENTEL, Luís et alii, 1952. *7 ensayos sobre Rosalía* (Vigo: Galaxia).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, no prelo. 'Cultural History and Resistance. The Articulation of Modern Galician Literature', in Hooper & Puga.

RISCO, Vicente, 1952. *Historia de Galicia* (Vigo: Galaxia).

RODRÍGUEZ POLO, Xosé Ramón, 2009. *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)* (Vigo: Xerais).

ROMERO LÓPEZ, Dolores, ed., 2006. *Naciones literarias* (Barcelona: Anthropos Editorial).

RUIZ BAUTISTA, Eduardo, coord., 2008. *Tiempo de censura. La represión editorial durante el franquismo* (Gijón: Ediciones Trea).

SCHÖNING, Udo, 2006. 'La internacionalización de las literaturas nacionales. Observaciones sobre la problemática y propuestas para su estudio', in Romero López 2006: 305-339.

VARELA JÁCOME, Benito, 1951. *Historia de la literatura gallega* (A Coruña: Porto y Cía Editores, Imprenta Moret).

VARELA, José Luís, 1958. *Poesía y restauración cultural de Galicia* (Madrid: Gredos).

WHITE, Hayden, 2003. *El texto histórico como artefacto literario* (Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica).